XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III

## ACORDO ENTRE AS PERSOAS VITICULTORAS PARTÍCIPES DO PLAN COLECTIVO

En ________________, o día ______ de ____________ de ________ reúnense as persoas viticultoras que abaixo asinan para constituiren o plan de reestruturación e reconversión da viña en Galicia denominado co nome e localización que a seguir se identifica:

NOME DO PLAN COLECTIVO ________________ LOCALIZACIÓN (PROVINCIA) ________________

no marco da organización común de mercados (OCM) única, con relación ao sector vitivinicola, en virtude do establecido no Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, no Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola, no Real decreto 740/2015, do 31 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola e se modifica o RD 1079/2014, e na Orde do 27 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para este ano _______.

De mutuo acordo, decídese adoptar as seguintes normas que comprometen todas as persoas integrantes por igual e que serán respectadas como normas de funcionamento do plan:

1. Nomear como persoa representante do dito plan colectivo, encargada das relacións coa Consellería do Medio Rural, a:

________________, con NIF ________

2. Nomear como personal técnico do plan a persoa relacionada no anexo II, conforme a titulación agraria que se exixe para desempeñar as funcións de xestión das actuacións de cada integrante do plan coa Administración.

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF | SINATURA do técnico aceptando o nomeamento |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

3. Comprométense a executar as medidas de reestruturación e reconversión das viñas contidas no plan, polo menos no 80 % da SVF (superficie vitícola financiable) para a cal se conceda a subvención e comunicar, xustificar e solicitar o seu pagamento, nos prazos máximos establecidos, sen prexuízo do debido cumprimento do resto da normativa aplicable para a concesión, en especial en materia vitivinícola e ambiental.

4. Comprométense a comunicar á Consellería do Medio Rural a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, así como a modificación de calquera das circunstancias que fundamentasen a concesión da axuda.

5. No caso de que se produzan cambios nas relacións das referencias alfanuméricas Sixpac das parcelas agrícolas que integran cada unha das explotacións, e que se achegan co plan, comprométense a actualizalas anualmente, antes do 30 de abril.

| Nº | NIF | NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL | SINATURA |
|---|---|---|---|
| 1 | | | |
| 2 | | | |
| 3 | | | |
| 4 | | | |
| 5 | | | |
| 6 | | | |
| 7 | | | |
| 8 | | | |
| 9 | | | |
| 10 | | | |
| 11 | | | |
| 12 | | | |
| 13 | | | |
| 14 | | | |
| 15 | | | |